

Tras dos espellos

Xuvenil Contos que revelan os enganos, sociais e persoais, que construímos e nos constrúen

Enganos sociais, paterno-filiais, amorosos, maritais, laborais, culturais, ecolóxicos, autoenganos, son os protagonistas deste libro de relatos presentado a modo de menú de restaurante. Así, en cada unha das distintas opcións “gastronómicas” (“Para picar”, “Entrantes”, “Primeiros”, “Segundos” e “Sobremesas”) inclúense catro propostas cuxa extensión garda relación formal co tipo de “prato” ofrecido. O importante é ese anaco de vida que desfila ante nós como testemuña das nosas contradicións máis internas, dos nosos sonhos de amor, de gloria, de felicidade, de solidariedade, de ecoloxía, de éxito social, de cultura, etc., e que Núñez Singala nos presenta logrando manter na maioría das ocasións ese difícil pulso de depuración requintada, a través da peneira do superfluo, que impón o xénero do relato, en loita constante contra o tempo e o espazo. Máis coñecido pola súa faceta de investigador sobre a normalización do idioma ou como dramaturgo (a tantas veces editada *O achado do castro* ou a tan controvertida, crítica e irónica *Comedia bifida*) xa se

estreada anteriormente como narrador coa interesante novela *Mar de fondo* ou con relatos espallados en libros colectivos.

No primeiro conto –engano lingüístico-identitario– titulado “Inculturación” aparece un dos temas aos que o autor nos ten acostumados, as contradicións dunha sociedade que está a perder os seus sinais de identidade. As contradicións dunha sociedade falsamente progresista quedan patentes tamén no conto titulado “Primeiro de maio” ou en “A morte do caniche”. Tamén o autoengano aparece no conto titulado “Elocuencia”, no que dous homes xogan a se facer pasar por amigos nunha conversa inzada desa retranca tan de noso. En “Círculo” un home autoengánase soñando unha vida distinta a esa rutina cansa, monótona e gris dos seus días. “Enxeño” é un relato sobre o autoodio que condiciona a conduta de certas persoas de extracción social humilde, que adoptan unha actitude de servilismo fronte ás de clase social superior. En “O comezo das vacacións” asistimos aos enganos matrimoniais. “O inhalador” é un conto de vinganzas e envexas, etc.

Menú de enganos ·

Manuel Núñez
Singala ·

Galaxia, 2010 ·
116 páx · 11,80 euros



Así, de engano en engano chegamos aos “pratos fortes”, “O tobo” e “A rapaza do biquini verde”, elaborados para satisfaceren os padais máis exixentes. Neles o autor afonda en conceptos como o xogo do amor e os seus espellos, enganos á fin. O libro convéncenos polo tratamento sutil do tema proposto pero sobre todo por esa capacidade do autor de “estoupalo conto nas verbas derradeiras, dempóis de inzalo poderosamente”, por definilo coas atinadas palabras dun dos maiores mestres galegos do relato, Rafael Dieste.

Editado na colección que Galaxia destina aos adolescentes, desexamos que traspase as fronteiras das marcas de idade, xa que non estamos ante unha obra xuvenil canónica que responda ás claves –cada vez mellor definidas– deste xénero



Bodegón con taza // Diego Rivera

en alza, senón ante un libro dirixido tamén para un público adulto, prexuzoso en moitas ocasións, ao noso pesar e seguramente por

descoñecemento, fronte a esa literatura que tamén ten a capacidade de ser entendida polos mozos e mozas. // **Ánxela Gracián**